

UNIDADE DIDÁCTICA



www.martaaalonsovejada.com

índice

Ficha artística
A compañía
Bailar Agora: O espectáculo
Proposta didáctica:
Introducción
Curiosidades
Actividades

Ficha Artística

Dirección e interpretación: Marta Alonso Tejada

Coreografía e movemento: Victoria P. Miranda

Creación: Victoria P. Miranda, Pablo Reboleiro, Marta Alonso Tejada

Asistencia dirección e dramaturxia: Pablo Reboleiro

Asistencia movemento: Sergio Perol

Diseño de iluminación e espazo escénico: Laura Iturralde

Vestuario: Uxía P. Vaello

Espazo Sonoro e música: Xabier Bértolo

Produción: Manu Lago e Marta Alonso Tejada

Audiovisuais: Mila Ercoli e Ángel Sousa

Diseño gráfico: Paulina Funes - Visual Paulina Funes

Produce: Marta Alonso Tejada

Coproduce: Centro Coreográfico Galego, CCG, Xunta de Galicia

Colaboran: Teatro Ensalle, Concello de Negreira, Centro Dramático Galego, CDG, Xunta de Galiza, Galicia Danza Contemporánea e Pistacatro

Agradecementos: Érica, SCIMI VOLANTI, Belém Brandido, Danza Alfaia, Paula Quintas, Marta Mallo, Juan Lens.

DISTRIBUCIÓN ESPAÑA E PORTUGAL

Kandengue Arts - María Mariño

kandenguerarts@gmail.com /+34 698147660





martaalonsotejada

A compañía

Constitúese como Cía independente no ano 2018 estreando a peza BAILAR AGORA. Este traballo recibe os premios: Fetén (2022), Xixón - Mellor Espectáculo das noites do CCAI ;

María Casares (2021):-Mellor actriz principal- Mellor iluminación - Mellor dirección; MIT Ribadavia (2021); III Premio do público Fetega (2021) - Mellor espectáculo.

E é finalista nos Premios da Crítica de Galicia (2022)

Sofá (Xullo 2022), Dancin ´ Queen (2021) e Discoteca de Señoras (2021) son outros traballos da Cía.

A danza, o humor, a mixtura de linguaxes escénicas que se achegan ao teatro e ao circo, a interacción co público e a cercanía, xeran nas súas creacións unha atmosfera particular do cotiá, do natural e do común que se comparte na escena.

A directora

Bailarina, actriz, cómica, xestora cultural e docente.

Marta Alonso Tejada é bailarina e profesora de ballet clásico titulada pola Royal Academy of Dance, Londres. Máster en Artes Escénicas da Universidad Rey Juan Carlos de Madrid. En 2010 é seleccionada polo Centro Coreográfico Galego para formar parte do Proxecto formativo Europeo Tour d ´ Europe des Chorégraphes desenvolvido en Alemania, Irlanda, Francia, Galicia e Polonia.

É a demais licenciada en Psicoloxía pola UAM (Madrid) e a USC (Santiago de Compostela) e ten formación en Danza Terapia na Fundación Maite de León, Madrid.

Traballa no sector artístico en Galiza desde o ano 2018, como creadora, como intérprete e como xestora cultural. Na súa traxectoria ten traballado con compañías como Elefante Elegante ou Pistacatro participando en espectáculos para público adulto. E para público infantil, como Exprimente Danza ou a Banda do verán.

Na actualidade ademais da Cía martaalonsotejada e codirectora de Determinada Co. e do festival de danza en espacio non convencional, Abanea.

Bailar Agora: O espectáculo

Espectáculo revelación en Galicia no ano 2021. Gañador de numerosos premios nos que se destaca a orixinalidade da linguaxe escénica, a interpretación e a iluminación.

BAILAR AGORA é a historia dunha bailarina que nace e medra nos anos 80-90 e que, a día de hoxe, se achega á corentena.

Marta Alonso diríxese ao público para compartir un percurso pola súa traxectoria vital como bailarina e muller. Facendo referencia ao estado actual dos seus desexos e soños, comprometéndose a facelos realidade no momento presente.

O xeito de levalo a cabo: Bailando.

"Unha orixinal combinación de comedia, autoficción e danza"

"Pero lo bonito es que toda esa reflexión que constituye el meollo dramático de la función, y que culmina en un gamberro y estimulante canto al mero acto de bailar –extensivo a todo el mundo, por encima de cualquier pretensión artística o profesional–, está planteado con mucha modestia, simpatía y autoparodia."

Raúl Losánez. La Razón. (29.07.2021)

BAILAR AGORA fai rir, emociona, fai amar a danza e sobre todo... contaxia unhas GANAS TREMENDAS DE VIVIR E BAILAR



Proposta didáctica: BAILAR AGORA

Idade de público obxectivo: 12 a 18 anos

Ciclos formativos: ESO e Bacharelato

Ir ao teatro é unha actividade lúdica que ao mesmo tempo xera moito aprendizaxe se se quere aproveitar. Con este fin, esta unidade didáctica pretende ser unha guía que facilite aos docentes o achegamento a peza, a diversos conceptos subxacentes, as linguaxes que utiliza e mesmo a diversas actividades.

ANTES DE VER BAILAR AGORA

- Crees que a danza é unha linguaxe e un modo de expresión?
- Algunha vez bailaches? Lembrades cal foi a primeira vez?
- Dirías que bailas mal ou que non podes bailar? por que?
- Algunha vez deixaches de bailar por sentirte inseguro/a ou por sentir vergoña?
- Pode bailar calquera persoa? Pódese bailar a calquera idade? Pódese bailar en calquera lugar?
- Cres que a danza estivo algunha vez prohibida?
- Cres que podes gozar dun espectáculo de danza?

DESPOIS DE VER BAILAR AGORA

- Cambiaches en algo a túa opinión sobre a danza?
- Cres que sabes algo máis sobre a danza despois de ver o espectáculo?
- Sentiches ganas de bailar?



Introducción:

Esta unidade didáctica presenta a danza como unha alternativa próxima de lecer, diversión e achegamento ao corpo. Ademais, nesta proposta, esta expresión artística, presentase como ferramenta de autocoñecemento e filosofía de vida que conecta á persoa coa acción, coa aceptación e co desexo.

Este prantexamento coincide coas características psicolóxicas da etapa da adolescencia, nas que atopamos o anhelos de autocoñecemento e autocompreensión. Esta peza é moi atractiva e necesaria nestas idades xa que trata o desenvolvemento vital continuo das persoas tanto a nivel profesional como académico e, asimesmo o afrontamento de situación vitais estresantes de maneira positiva, mellorando a posibilidade de seguir proxectándose no futuro a pesar de posibles acontecementos desestabilizadores ou de condicións de vida difíciles.

En Bailar Agora se comparte unha traxectoria vital en primeira persoa, en tono de humor e autoparodia.

Bailar agora permita abordar numerosos temas de actualidade que se poden elixir tratar en maior ou menor profundidade favorecendo entre o alumnado actitudes de análise, propostas de actuación e/ou cambio: a valoración do éxito e o fracaso, o valor do desexo e a motivación, a relatividade dos soños e proxeccións vitais, a desigualdade asociada a cuestión de xénero, a maternidade.



Curiosidades

A danza: A danza é inherente ao ser humano. Con todo, a danza forma parte da nosa vida desde que nacemos, desde que nos vemos afectados polo ritmo do noso corazón, desde que respiramos e comezamos a movernos. A danza levámola dentro, só hai que deixala saír. Ten a capacidade movernos e facernos vibrar devolvéndonos á nosa natureza corporal, á nosa esencia, e desde este lugar, producíndonos pracer permítenos soñar.

A danza ten a capacidade de emocionar. A danza é unha forma de expresión e comunicación que se contaxia. A danza ten un gran poder liberador.

A relación danza-corpo: A danza conecta o noso corpo coa nosa mente. A medida que nos facemos maiores, a desconexión corpo-mente faise evidente. Durante a adolescencia esta desconexión aféctanos en termos de autoimaxe, auto aceptación, e autoestima.

Coa presión e as esixencias da vida adulta, progresivamente imos bloqueando a expresión do noso corpo e anulando as súas necesidades. A desconexión corpo-mente é na actualidade unha das principais causas da enfermidade mental.

O veto á danza: Ao longo da historia a danza ten sido prohibida por ser considerada indecente. Na actualidade segue a haber países que prohíben os seus habitantes bailar.

Durante o confinamento do ano 2020, prohibiuse bailar. A danza é revolucionaria porque fainos sentir, polo menos, a ilusión de ser libres.



Actividades

A continuación propoñemos algunhas dinámicas de movemento e pensamento para traballar na aula.

Unha práctica de Meditación / Reflexión : How It would to be free

Trátase dunha práctica individual na súa primeira fase.

Cada alumno, sentado na súa cadeira, pechará os ollos.

O grupo escoitará o tema : *I wish a knew how It woul to be free* de Nina Simone.

<https://youtu.be/inNBpizpZkE>

Tratase dunha práctica de reflexión nunha segunda fase.

A continuación abriremos un espazo de investigación e posterior debate sobre a letra da canción e a relación entre Nina Simone (as súas características socio económicas e persoais) e o momento no que a artista Marta Alonso servese deste tema para falar da maternidade en Bailar Agora.

Unha práctica lúdica colectiva: Sesión Just Dance Grupal:

Dunha maneira infalible comprobamos que en grupos de adolescentes en contextos escolares o feito de descentrar a mirada dos compañeiros e poñela nunha pantalla facilita a desinhibición, o movemento e a danza.

O 100x100 do alumnado involúcrase, baila e divírtese realizando esta actividade que permite unha apertura cara a danza e o sentimento de transgresión na aula.

Necesidades: boa amplificación de son, proxección da imaxe, conexión a internet.

Recomendamos a seguinte coreografías:

1) Waka Waka de Shakira

<https://youtu.be/CyfM2o0d0IE>

2) The Black Eyed Peas – The Estafe (Dirty Bit)

https://youtu.be/zs0PbFXpl_4





www.martaalonsotejada.com

DISTRIBUCIÓN EXCLUSIVA: Kandengue Arts- María Mariño
kandenguearts@gmail.com
+34 698147660



ESPECTÁCULO SELECCIONADO POR



CIRCUITOS 2022



COPRODUCEN



COLABORAN



ASOCIADA A



DISTRIBÚE

